

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 22 DE XUÑO DO 2017.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Esther Patiño Rey</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día vinte e dous de xuño do dous mil dezasete, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.


Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 15 de xuño de 2017.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación.






B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	13/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Contratación con ETT de persoal cualificado para cubrir as necesidades do Servizo da Biblioteca Pública Municipal durante os meses de xullo e agosto de 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ADER RECURSOS HUMANOS, ETT, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ADER RECURSOS HUMANOS, ETT, S.A.		
NIF/CIF:	A15469406		
Importe (IVE incluído):	5.353,74 €		
Observacións:	<ul style="list-style-type: none">- Custo/hora: 18,21 €- 39 horas semanais- 8 semanas (2 meses)- Total orzamento mes xullo: 2.549,40 €- Total orzamento mes agosto: 2.804,34 €		

Nº Proposta	2	Data	02/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Medición de caudais no Polígono Industrial de Xarás		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.		
NIF/CIF:	B85097962		
Importe (IVE incluído):	1.185,80 €		
Observacións:			

Nº Proposta	3	Data	20/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Turismo Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Inserción de publicidade do Concello no monográfico especial "124 lugares máis bellos de Galicia" que publicará o xornal El Correo Gallego o día 25/06/2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.		
NIF/CIF:	A15000391		



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Importe (IVE incluído):	907,50 €
Observacións:	


Nº Proposta	4	Data	19/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición dun desenvolvemento da sede electrónica que posibilita autoliquidar tributos de xeito telemático		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GT3 SOLUCIONES, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GT3 SOLUCIONES, S.L.		
NIF/CIF:	B92520451		
Importe (IVE incluído):	2.618,44 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	12/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura M ^a Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de equipamento técnico de son e iluminación (micrófono inalámbrico do ble de man, Mixer audio 4 mic + 2 estéreos, Mixer luces e DVD reproductor CD/USB), con montaxe e posta en funcionamento para a Aula Municipal de Música de Aguiño		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52932383E		
Importe (IVE incluído):	534,07 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	14/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de varios materiais de ferretería para a reparación da embarcación decorativa situada nos xardíns do Touro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.		
NIF/CIF:	B70474747		
Importe (IVE incluído):	249,70 €		
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	14/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego


DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de pezas de madeira para a reparación da embarcación decorativa situada nos xardíns do Touro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MADERAS CAYPE, S.L.U.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MADERAS CAYPE, S.L.U.		
NIF/CIF:	B15428345		
Importe (IVE incluído):	278,97 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	14/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de máscara para rotulación para a reparación da embarcación decorativa situada nos xardíns do Touro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE incluído):	60,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta	9	Data	19/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Inscripcións, organización de chegada e infraestrutura diversa, co motivo da celebración da I Travesía a Nado Illa de Rúa a Riveira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESTEBAN MARTUL ROMERO
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ESTEBAN MARTUL ROMERO		
NIF/CIF:	32709145V		
Importe (IVE incluído):	484,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	10	Data	06/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade-Mercados Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de mantemento durante 12 meses das 5 portas automáticas existentes no Mercado Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ASCENSORES ENOR, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ASCENSORES ENOR, S.A.		






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

NIF/CIF:	A36650992
Importe (IVE incluído):	2.541,00 €
Observacións/Anexo ao acordo:	O contrato terá unha duración dun ano. Non obstante, finalizará con anterioridade no caso de que o Concello de Riveira licite o servizo. Neste caso o Concello de Riveira avisará á empresa Ascensores Enor, S.A. cun mes de antelación. Forma de pagamento: Trimestral por transferencia

Nº Proposta	11	Data	12/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación e Cultura-Conservatorio Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de mantemento durante un ano do ascensor do Conservatorio Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ASCENSORES ENOR, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ASCENSORES ENOR, S.A.		
NIF/CIF:	A36650992		
Importe (IVE incluído):	2.580,78 €		
Observacións/Anexo ao acordo:	O contrato terá unha duración dun ano. Non obstante, finalizará con anterioridade no caso de que o Concello de Riveira licite o servizo. Neste caso o Concello de Riveira avisará á empresa Ascensores Enor, S.A. cun mes de antelación. Forma de pagamento: Trimestral por transferencia		

Nº Proposta	12	Data	20/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Técnico de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 24 unidades de contedores de 120 l. destinados ás praias		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- PLASTIC OMNIUN SISTEMAS URBANOS, S.A. - FORMATO VERDE, S.L. - VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PLASTIC OMNIUN SISTEMAS URBANOS, S.A.		
NIF/CIF:	A46480547		
Importe (IVE incluído):	859,10 €		
Observacións:			

Nº Proposta	13	Data	20/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Nivelado de area nas ramplas de acceso ás praias en Corrubedo e Aguiño, e reforzo do muro existente na Praia dos Mosqueiros en Castiñeiras		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L. - EXCAVACIONES NIMA, S.L. - NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.





Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (20/06/2017)	
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.	
NIF/CIF:	B15555923	
Importe (IVE incluído):	4.301,55 €	
Observacións:		

**ANULACIÓN DE GASTO COMPROMETIDO A FAVOR DE FONTAO TRAVEL, S.L.
- PROPOSTA DE GASTO Nº 30 APROBADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
SESIÓN DE DATA 15/06/2017.**

Visto o **informe** presentado pola **Alcaldía**, de data 21/06/2017, no que sinala que non foi posible o desprazamento previsto para asistencia ao Pleno da Arinn (Red Innpulso – Ministerio de Economía) e aos grupos de traballo en Móstoles o día 21/06/2017, debido á cancelación do voo por mor da intensa néboa no aeroporto da Coruña, e polo que solicita a anulación do gasto comprometido a favor de Fontao Travel, S.L. polo importe de 530,96 €, segundo acordo de data 15/06/2107.

Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** anular o gasto comprometido a favor de Fontao Travel, S.L. polo importe de 530,96 €, segundo acordo de data 15/06/2107 (Proposta de gasto Nº 30).


**ACORDO EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE TAXA POR
MATRÍCULA NO CONSERVATORIO – MARÍA RITA LUSTRES PATIÑO.**


Visto o escrito presentado por **María Rita Lustres Patiño**, de data 14/06/2017 (Rexistro de entrada nº 10.249), no que solicita a devolución das taxas (64,16 €) abonadas en concepto de matrícula da súa filla para a proba de acceso do curso 1º de Grao Elemental do Conservatorio Municipal.

Visto o **informe** emitido ao respecto polo Secretario do Conservatorio Profesional de Música de Riveira, José Fungueiriño Ramos, de data 16/06/2017, no que se cita:

“En relación á solicitude formulada por María Rita Lustres Patiño, con D.N.I. núm. 52.459.026 M, con data de 14.06.2017 e rexistro de entrada número 10249, e no que a este Centro concirne e segundo datos obrantes no mesmo,

1. Que María Rita Lustres Patiño coa intención de matricular a súa filla Yodit María Vázquez Lustres á proba de acceso ao primeiro curso de Grao Elemental deste Centro, efectúa o pagamento do seu importe (64,16 euros) o día 02.06.2017 e entrega o seu resgardo bancario e impreso de matrícula o día 13.06.2017.





2. Que o prazo de entrega para a dita matrícula, como se indica no propio impreso, era do día 22.05.2017 ao 09.06.2017.

3. Que a relación de inscritos para a realización das probas de acceso foi remitida a Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa da Xunta de Galicia o día 12.06.2017, non sendo incluída a solicitude de Yodit María Vázquez Lustres por entregarse fora de prazo."

Visto o **informe** de devolución de ingresos emitido en sentido desfavorable polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro de data 21/06/2017.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación que consta no expediente e aos citados informes, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Denegar a solicitude de devolución da taxa pola prestación do servizo do Conservatorio Municipal de Música solicitada por María Rita Lustres Patiño, por non concorrer as circunstancias previstas no artigo 25.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

"Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público, a actividade administrativa ou o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente"

APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (OBRADOIRO DE VERÁN EN DANZA RIVEIRA 2017).

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** da **Concelleira Delegada de Cultura, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 15/06/2017, no que solicita a aprobación de prezo público para a celebración da actividade denominada "Verán en Danza Riveira 2017".

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 19/06/2017


Vista a documentación que consta no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.-Aprobar a celebración do programa **Obradoiro de Verán en Danza de Riveira 2017**

2.- A aprobación dos **prezos públicos** sinalados para cada grupo:

- **Obradoiro "Verán en Danza" Grupo Danza Clásica 1 Nivel Intermedio:**
(do 3 ao 27 de xullo de 2017 en Riveira). Participantes con coñecementos de danza da Escola Municipal de Ballet e novos participantes desde a idade de 10 anos. Agrupamento máximo de 25 participantes. **Prezo de Matrícula: 15,00 €.**
- **Obradoiro "Verán en Danza" Grupo Danza Clásica 2 Nivel Avanzado.**





(do 3 ao 27 de xullo de 2017 en Riveira). Participantes con coñecementos de danza da Escola Municipal de Ballet e novos participantes desde a idade de 12 anos. Agrupamento máximo de 25 participantes. **Prezo de Matrícula: 20,00 €.**

3.- Aprobar os **prazos de preinscrición e matriculación** establecidos según a citada proposta.

4.- Aprobar a reserva do 10% das prazas do obradoiro para emerxencia social según se establece na proposta.

5.- **Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado

APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN PARA O CURSO 2017-2018

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey**, de data 19/06/2017, na que solicita a aprobación da convocatoria de axudas á escolarización, material escolar, comedor escolar e transporte para o próximo curso 2017-2018.


Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/06/2017

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Aprobar as "Bases reguladoras das axudas á escolarización para o curso académico 2017-2018".
- Que se proceda á publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia.
- Aprobar o orzamento presentado nas mesmas segundo o seguinte desglose:

Exercicio	Destino	Importe
2017	Axudas á adquisición de libros de texto, material escolar e material didáctico	7.000 €
2017	Axudas para transporte	3.000 €
2017	Axudas de comedor escolar	10.000 €
2018	Axudas de comedor escolar	15.000 €
Total		35.000 €





AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 14/06/2017, en relación ao escrito presentado por **Daneris Altagracia Martínez del Rosario**, de data 19/05/2017 (Rexistro de entrada nº 8.199), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 13/06/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

1.- Conceder a Daneris Altagracia Martínez del Rosario unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **490,50 €**, para sufragar os gastos derivados do pago do 90% de necesidades básicas da vivenda habitual – Axuda para mobiliario (pago a provedor según proposta).

2.- Que se proceda á **anulación** da axuda anteriormente concedida a **Daneris Altagracia Martínez del Rosario** por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 26/01/2017, consistente no pago dun importe total de 500,00 €, para sufragar os gastos derivados do pago da fianza e a primeira mensuralidade do aluguer dunha vivenda, por renuncia da solicitante.

III.- CONTRATACIÓN.


ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “REORDENACIÓN E MELLORA DO PARQUE URBANO DE PEDRA PATEIRA (RIVEIRA)”.


Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de “**Reordenación e mellora do parque urbano de Pedra Pateira (Riveira)**”, redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data xuño de 2016, cun orzamento total de licitación de 35.088,84 euros (orzamento base: 28.999,04 euros; IVE 21%: 6.089,80 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído na “**1ª fase do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016**”, da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

O proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data xuño de 2016, foi aprobado por acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na súa sesión da data 30/06/2016 (que foi ratificado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 14/07/2016).

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (factor prezo), o Prego de cláusulas administrativas






particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 171.60910, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 09/02/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 34, da data 17/02/2017 (emenda de erros publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 35, da data 20/02/2017), no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 17/02/2017 e no diario La Voz de Galicia na súa edición da data 21/02/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios na data 07/04/2017 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

- 1) Construcciones Anspal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 21/02/2017, co número 2.768.
- 2) Obras y Contratas Rivademar, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 09/03/2017, co número 3.826.
- 3) Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 09/03/2017, co número 3.835.
- 4) Obras y Viales Cerne, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 09/03/2017, co número 3.838.
- 5) Tarrío y Suárez, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 09/03/2017, co número 3.857.
- 6) Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/03/2017, co número 3.917.
- 7) Desmaco, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 13/03/2017, co número 4.074.
- 8) Sagade 2009, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 13/03/2017, co número 4.075.
- 9) Construcciones Canosa, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.233.
- 10) Manuel Barcia García- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.269.
- 11) Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.272.
- 12) Vías y Servicios Generales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.320.
- 13) Sonense de Granitos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.328.
- 14) Ceta Contratas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.330.
- 15) HPC Ibérica, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.332.
- 16) Globalia Urbanismo Integral, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.344.





17) Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.363, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

18) Rasalerez, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.364, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

19) Jardinería Arce, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.365, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

20) Abaco Sercoin, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.366, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

21) Lignum Urbe, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.367, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

22) Canalis Soluciones Tecnológicas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.368, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

23) Terrauga Proyectos y Obras, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.369, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

24) Construcciones González y González, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.370, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

25) Construcciones Oñial, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.371, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

26) Obras Montajes Instalaciones y Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.372, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.


27) Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.373, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.


28) Kaizen Management, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.374, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

29) Mecano Obras y Reformas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.375, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

30) Obras Transportes y Construcciones Fontefría, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.376, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

31) Arines Obras y Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.377, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.





32) Jardincelas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.378, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

33) Naturgalia, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 20/03/2017, co número 4.591, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.


Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do exame da documentación aportada, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 12/04/2017, acordou:

A.- Declarar admitidas a esta licitación ás seguintes empresas, por considerar que a documentación administrativa simplificada aportada é correcta:

- Construcciones Anspal, S.L.
- Tarrío y Suárez, S.L.
- Manuel Barcia García
- Vías y Servicios Generales, S.L.
- Jardincelas, S.L.

B.- Requirir ós licitadores que se indica a continuación para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde o día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presenten o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non proceden á emenda da documentación:

- Obras y Contratas Rivademar, S.L.
- Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.
- Obras y Viales Cerne, S.L.
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
- Desmaco, S.L.U.
- Sagade 2009, S.L.
- Construcciones Canosa, S.L.
- Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.
- Sonense de Granitos, S.L.
- Ceta Contratas, S.L.
- HPC Ibérica, S.A.
- Globalia Urbanismo Integral, S.L.
- Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.
- Rasalerez, S.L.
- Jardinería Arce, S.L.
- Abaco Sercoin, S.L.U.





- *Lignum Urbe, S.L.*
- *Canalis Soluciones Tecnológicas, S.L.*
- *Terrauga Proyectos y Obras, S.L.*
- *Construcciones González y González, S.L.*
- *Construcciones Oñial, S.L.*
- *Obras Montajes Instalaciones y Proyectos, S.L.*
- *Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.*
- *Kaizen Management, S.L.*
- *Mecano Obras y Reformas, S.L.*
- *Obras Transportes y Construcciones Fontefría, S.L.*
- *Arines Obras y Proyectos, S.L.*
- *Naturgalia, S.L.*


Os requirimentos realizáronse por medio de escritos da alcaldía que se rexistraron de saída na data 17/04/2017, e que foron notificados por correo electrónico aos licitadores na data 18/04/2017.


Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da documentación aportada por cada unha das empresas requiridas, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 02/05/2017, acordou:

1º) *Dar por cumpridos os requirimentos de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitidas a esta licitación ás empresas Obras y Contratas Rivademar, S.L., Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A., Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L., Ceta Contratas, S.L., HPC Ibérica, S.A., Globalia Urbanismo Integral, S.L., Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., Abaco Sercoin, S.L.U., Lignum Urbe, S.L., Terrauga Proyectos y Obras, S.L., Construcciones Oñial, S.L., Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L., Mecano Obras y Reformas, S.L., Arines Obras y Proyectos, S.L. e Naturgalia, S.L.*

2º) *Declarar excluídas da licitación as empresas Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L., Obras y Viales Cerne, S.L., Desmaco, S.L.U., Sagade 2009, S.L., Construcciones Canosa, S.L., Sonense de Granitos, S.L., Rasalerez, S.L., Jardinería Arce, S.L., Canalis Soluciones Tecnológicas, S.L., Construcciones González y González, S.L., Obras Montajes Instalaciones y Proyectos, S.L., Kaizen Management, S.L. e Obras Transportes y Construcciones Fontefría, S.L. por non ter presentado o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.*

O acto público de apertura dos sobres "B" (oferta económica) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, celebrouse na mesma reunión da Mesa de data 02/05/2017, dando o resultado seguinte:





Licitador	Orzamento base (sen IVE)
Obras y Contratas Rivademar, S.L.	22.474,26 €
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	24.199,70 €
Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.	22.764,25 €
Ceta Contratas, S.L.	19.787,56 €
HPC Ibérica, S.A.	22.202,00 €
Globalia Urbanismo Integral, S.L.	23.791,20 €
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	19.643,65 €
Abaco Sercoin, S.L.U.	24.994,70 €
Lignum Urbe, S.L.	18.579,68 €
Terrauga Proyectos y Obras, S.L.	22.279,96 €
Construcciones Oñial, S.L.	28.512,00 €
Actividades de Construcción Edificación y Viales,	23.997,16 €
Mecano Obras y Reformas, S.L.	18.314,00 €
Arines Obras y Proyectos, S.L.	19.913,64 €
Naturgalia, S.L.	25.260,00 €
Construcciones Anspal, S.L.	23.000,00 €
Tarrío y Suárez, S.L.	25.504,65 €
Manuel Barcia García	24.628,10 €
Vías y Servicios Generales, S.L.	23.199,23 €
Jardincelas, S.L.	20.851,65 €


Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas económicas presentadas polas empresas Ceta Contratas, S.L., Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., Lignum Urbe, S.L., Mecano Obras y Reformas, S.L., Arines Obras y Proyectos, S.L., deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a alcaldía, por decreto da data 08/05/2017, resolveu dar audiencia ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas respectivas ofertas económicas, en base ós criterios obxectivos indicados no mencionado Decreto.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación para xustificar as súas ofertas económicas as empresas "Mecano Obras y Reformas, S.L." (rexistrada de entrada na data 16/05/2017 co número 7.923) e "Ceta Contratas, S.L." (rexistrada de entrada na data 16/05/2017 co número 7.929).

Con data 29/05/2017 o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emitiu informe desfavorable sobre a documentación presentada polas empresas "Mecano Obras y Reformas, S.L." e "Ceta Contratas, S.L." para xustificar as súas respectivas ofertas económicas, polos motivos que no mesmo constan.

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 30/05/2017, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 01/06/2017, adoptou os seguintes acordos:





PRIMEIRO.-Declarar excluídas da licitación as empresas Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L., Obras y Viales Cerne, S.L., Desmaco, S.L.U., Sagade 2009, S.L., Construcciones Canosa, S.L., Sonense de Granitos, S.L., Rasalerez, S.L., Jardinería Arce, S.L., Canalis Soluciones Tecnológicas, S.L., Construcciones González y González, S.L., Obras Montajes Instalaciones y Proyectos, S.L., Kaizen Management, S.L. e Obras Transportes y Construcciones Fontefría, S.L., por non ter presentado o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.

SEGUNDO.- Excluir desta licitación ás empresas Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., Lignum Urbe, S.L. e Arines Obras y Proyectos, S.L. por ter presentado ofertas económicas anormais ou desproporcionadas e non xustificar as mesmas.

TERCEIRO.- De acordo co informe asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 29/05/2017 así como da documentación presentada polas empresas como xustificación das súas respectivas ofertas económicas:

• Non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa Mecano Obras y Reformas, S.L., excluíndoa polo tanto da licitación, por canto:


a.- En relación a xustificación de prezos ofertados, cabe indicar que si presenta escrito de compromiso de tres empresas subministradoras (Formigón, pavimento continuo de caucho e pedra+bordillo). Aporta xustificación valorada, aportando o cadro de descompostos, no que se indica por partida, a incidencia dos prezos ofertados, en canto a material, man de obra, e maquinaria no seu caso.


No referente ao prezo ofertado e a carta de compromiso emitida pola empresa subministradora (Comercial Ruben Viña), cabe sinalar que no presente caso non se especifica nin o espesor na pedra (laxa de pedra, xa que se oferta un valor por m³. E sobre o bordillo tampouco se especifican as dimensións do mesmo (sección que ha de axustarse ao proxecto). Estas cuestións restan eficacia á proposta.

En consecuencia, a xustificación de prezos non pode ser admitida.

b.- Aporta unha relación importante do volume de maquinaria da que dispón a empresa. En canto ao listado que presenta de volume de obra contratada, en execución e pendente de executar, cabe significar que o cadro fai mención a obras que non gardan relación coa natureza das obras obxecto do presente procedemento de contratación, carecendo de significación no presente caso.

c.- Aporta copia das nóminas dos distintos traballadores da empresa, aos efectos de xustificar o axuste realizado, en relación cos medios humanos dos que se dispón e dos distintos materiais sobre os que





se manifestan os prezos ofertados.

En definitiva, e a tenor do xa exposto e desde o punto de vista técnico, a oferta non cumpre cos requisitos esixibles para poder ser admitida no presente procedemento.

• *Non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa Ceta Contratas, S.L., excluíndoa polo tanto da licitación, por canto:*

a.- En relación a xustificación de prezos ofertados, cabe indicar que si presenta escrito de compromiso de tres empresas subministradoras (Escavacion, formigón e pavimento continuo de caucho), xa que tan só presenta baixa nos tres primeiros apartados do capítulo de pavimentos (escavación, soleira de formigón e pavimento continuo de caucho).

Aporta xustificación valorada, aportando un cadro resumen, en relación co presuposto da obra.

De tódolos xeitos non se precisa, no preceptivo cadro de descompostos; aos efectos de validar os medios auxiliares, man de obra, etc...; como si ben se fai no caso anterior; carecendo deste xeito de eficacia a presente xustificación. E por outra banda, cabe indicar que o prezo do formigón/m³: 34 €/m³ vai moi por debaixo do prezo medio da zona, que se aproxima ao dobre do prezo aquí ofertado.


En consecuencia, a xustificación de prezos non pode ser admitida.


b.- Aporta certificado de clasificación de contratista, indicando o grupo, subgrupo e categoría, en consonancia co disposto ao respecto pola Lei de Contratos. En canto ao listado que presenta de volume de obra contratada, en execución e pendente de executar, cabe significar que aporta un extenso listado de obras executadas, as cales gardan similitude na natureza e coas características similares á aquí ofertada, e acompañando os certificados de boa execución emitidos pola Dirección Facultativa.

c.- Con respecto ao apartado c/"Relación entre custes laborais e volume de obra", o licitador manifesta que no presente caso non hai necesidade de tal xustificación, toda vez que se recollen na oferta as porcentaxes do proxecto (beneficio industrial e gastos xerais).

En definitiva, a oferta non cumpre os requisitos esixibles desde o punto de vista técnico, para poder ser admitida no presente procedemento, por carecer de rigor a proposta de prezos ofertados, tal e como se manifesta no primeiro apartado.

CUARTO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de "Reordenación e mellora do parque urbano de Pedra Pateira (Riveira)", do seguinte xeito:





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ord e	Licitador	Orzame nto base (sen IVE)
1	Jardincelas, S.L	20.851,6
2	HPC Ibérica, S.A.	22.202,0
3	Terrauga Proyectos y Obras, S.L.	22.279,9
4	Obras y Contratas Rivademar, S.L.	22.474,2
5	Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.	22.764,2
6	Construcciones Anspal, S.L.	23.000,0
7	Vías y Servicios Generales, S.L.	23.199,2
8	Globalia Urbanismo Integral, S.L.	23.791,2
9	Actividades de Construcción Edificación y	23.997,1
10	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	24.199,7
11	Manuel Barcia García	24.628,1
12	Abaco Sercoín, S.L.U.	24.994,7
13	Naturgalia, S.L.	25.260,0
14	Tarrío y Suárez, S.L.	25.504,6
15	Construcciones Oñial, S.L.	28.512,0


QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a “Jardincelas, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 12.1.1 e 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.


De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 05/06/2017.

Dentro do prazo concedido a empresa “Jardincelas, S.L.” presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 15/06/2017 co número 10.281), entre a que se inclúe no que respecta a garantía definitiva fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 15/06/2017 (nº operación: 2017 33003645), xustificativa de constitución de aval del Banco Pastorl (R.E.A. nº 8114-745) como garantía definitiva





do contrato por importe de 1.042,58 euros.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 16/06/2017.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 19/06/2017.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.-Declarar excluídas da licitación ás empresas Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L., Obras y Viales Cerne, S.L., Desmaco, S.L.U., Sagade 2009, S.L., Construcciones Canosa, S.L., Sonense de Granitos, S.L., Rasalerez, S.L., Jardinería Arce, S.L., Canalis Soluciones Tecnológicas, S.L., Construcciones González y González, S.L., Obras Montajes Instalaciones y Proyectos, S.L., Kaizen Management, S.L. e Obras Transportes y Construcciones Fontefría, S.L., por non ter presentado o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.

TERCEIRO.- Excluir desta licitación ás empresas Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., Lignum Urbe, S.L. e Arines Obras y Proyectos, S.L. por ter presentado ofertas económicas anormais ou desproporcionadas e non xustificar as mesmas.


CUARTO.- De acordo co informe asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 29/05/2017 así como da documentación presentada polas empresas como xustificación das súas respectivas ofertas económicas:

• **Non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa Mecano Obras y Reformas, S.L., excluíndoa polo tanto da licitación**, por canto:

a.- En relación a xustificación de prezos ofertados, cabe indicar que si presenta escrito de compromiso de tres empresas subministradoras (Formigón, pavimento continuo de caucho e pedra+bordillo). Aporta xustificación valorada, aportando o cadro de descompostos, no que se indica por partida, a incidencia dos prezos ofertados, en canto a material, man de obra, e maquinaria no seu caso.

No referente ao prezo ofertado e a carta de compromiso emitida pola empresa subministradora (Comercial Ruben Viña), cabe sinalar que no presente caso





non se especifica nin o espesor na pedra (laxa de pedra, xa que se oferta un valor por m³. E sobre o bordillo tampouco se especifican as dimensións do mesmo (sección que ha de axustarse ao proxecto). Estas cuestións restan eficacia á proposta.

En consecuencia, a xustificación de prezos non pode ser admitida.

b.- Aporta unha relación importante do volume de maquinaria da que dispón a empresa. En canto ao listado que presenta de volume de obra contratada, en execución e pendente de executar, cabe significar que o cadro fai mención a obras que non gardan relación coa natureza das obras obxecto do presente procedemento de contratación, carecendo de significación no presente caso.

c.- Aporta copia das nóminas dos distintos traballadores da empresa, aos efectos de xustificar o axuste realizado, en relación cos medios humanos dos que se dispón e dos distintos materiais sobre os que se manifestan os prezos ofertados.

En definitiva, e a tenor do xa exposto e desde o punto de vista técnico, a oferta non cumpre cos requisitos esixibles para poder ser admitida no presente procedemento.

• **Non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa Ceta Contratas, S.L., excluíndoa polo tanto da licitación, por canto:**

a.- En relación a xustificación de prezos ofertados, cabe indicar que si presenta escrito de compromiso de tres empresas subministradoras (Escavación, formigón e pavimento continuo de caucho), xa que tan só presenta baixa nos tres primeiros apartados do capítulo de pavimentos (escavación, soleira de formigón e pavimento continuo de caucho).

Aporta xustificación valorada, aportando un cadro resumen, en relación co presuposto da obra.


De tódolos xeitos non se precisa, no preceptivo cadro de descompostos; aos efectos de validar os medios auxiliares, man de obra, etc...; como si ben se fai no caso anterior; carecendo deste xeito de eficacia a presente xustificación. E por outra banda, cabe indicar que o prezo do formigón/m³: 34 €/m³ vai moi por debaixo do prezo medio da zona, que se aproxima ao dobre do prezo aquí ofertado.


En consecuencia, a xustificación de prezos non pode ser admitida.

b.- Aporta certificado de clasificación de contratista, indicando o grupo, subgrupo e categoría, en consonancia co disposto ao respecto pola Lei de Contratos. En canto ao listado que presenta de volume de obra contratada, en execución e pendente de executar, cabe significar que aporta un extenso listado de obras executadas, as cales gardan similitude na natureza e coas características similares á aquí ofertada, e acompañando os certificados de boa execución emitidos pola Dirección Facultativa.

c.- Con respecto ao apartado c/"Relación entre custes laborais e volume de obra", o licitador manifesta que no presente caso non hai necesidade de tal xustificación, toda vez que se recollen na oferta as porcentaxes do proxecto (beneficio industrial e gastos xerais).

En definitiva, a oferta non cumpre os requisitos esixibles desde o punto de vista técnico, para poder ser admitida no presente procedemento, por carecer de rigor a proposta de prezos ofertados, tal e como se manifesta no primeiro apartado.





QUINTO.- De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 01/06/2017, **adxudicar o contrato para realiza-las obras do proxecto de "Reordenación e mellora do parque urbano de Pedra Pateira (Riveira)" á empresa "Jardincelas, S.L." (NIF número B-15538135), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 25.230,50 euros (Base: 20.851,65 euros; IVE 21%: 4.378,85 euros).**

b) **Prazo de execución: 2 meses, segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño de data xuño de 2016.**

SEXTO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

SÉTIMO.- Designar como Director das obras ó arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño.


OITAVO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 12/06/2017 **"Decreto: Aprobación Do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "Renovación de servizos e pavimentación da Rúa Pinisqueira (Aguíño)""**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 12/06/2017 **"Decreto: Adxudicación da subministración, mantemento e limpeza de retretes químicos portátiles para instalar nas praias e**





nas actividades culturais e/ou festivas do Concello de Riveira durante a tempada de verán (anos 2017 e 2018)".

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 20/06/2017 "Decreto: Adxudicación da apertura de cunetas e roza de marxes en estradas, rúas, camiños e demais espazos públicos do termo municipal de Riveira, ano 2017".

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

CONCESIÓN TEMPORAL DO POSTO Nº 2 DO MERCADO MUNICIPAL DE PALMEIRA A MIGUEL ÁNGEL NÓVOA NÚÑEZ

Visto o escrito presentado por Miguel Ángel Nóvoa Núñez, de data 15/06/2017 (Rexistro de entrada nº 10.295), no que solicita o posto n 2 no Mercado de Palmeira para a venda de produtos de pastelería e xadería.


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**


- a) Autorizar a Miguel Ángel Nóvoa Núñez a establecerse no **Posto nº 2 do Mercado Municipal de Palmeira** coa actividade solicitada de venda de produtos de pastelería e xadería.
- b) A autorización concédese con carácter temporal e en tanto en canto non se prodeda á licitación nos termos previstos legalmente
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais para a súa inclusión no correspondente padrón fiscal

AUTORIZACIÓN EN RÉXIME DE PRECARIO PARA A INSTALACIÓN DUN POSTO DE VENDA DE FLORES NA ENTRADA INTERIOR DA PRAZA DE ABASTOS DE RIVEIRA.

VISTA a solicitude realizada por Eva Castro Lavandeira, de data 21/11/2014 (Rexistro de entrada nº 14.259) para a instalación dun posto para a venda de flores na entrada interior da nova Praza de Abastos de Riveira.

CONSIDERANDO que o que se plantexa é unha cesión gratuíta dun ben inmovible e que de acordo co art. 106.1 da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas sería posible legalmente ceder o uso dun ben municipal (neste caso de maneira gratuíta), co que nos encontramos co contrato denominado contrato de comodato, que se recolle nos artigos 1.740 e seguintes do CC, que é posible definilo como o préstamo de uso dun ben ou unha cousa non fungible, polo





cal o comodante (neste caso Concello), conserva a propiedade da cousa prestada e o comodatario adquire o uso da mesma sen pagar por elo.

CONSIDERANDO que non se prevén un prazo predeterminado de cesión polo que se acudirá á costume da terra para determinar aquel uso e, en defecto desta, a duración queda ao arbitrio do comodante que poderá reclamarla á súa vontade.

CONSIDERANDO que de acordo co artigo 8.2 da citada Lei 33/203, no básico en todo caso, a xestión dos bens patrimoniais deberá contribuír ao desenvolvemento das distintas políticas públicas en vigor.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Ceder o uso en réxime de precario a **Eva Castro Lavandeira** (33151186K) do ben inmovible público municipal, espazo situado na entrada interior da Praza de Abastos de Riveira, para realizar a actividade de venda de flores polo miúdo.

Segundo.- En todo caso a citada cesión se resolverá de forma inmediata cando a Corporación precise para os fins que lle son propios o ben obxecto de cesión.

Terceiro.- O cesionario se compromete en todo caso a manter o ben obxecto de cesión en perfectas condicións e a restituílo, cando proceda, nas mesmas que lle foi entregado.

Cuarto.- Se faculta ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA 9/17.


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.


REFª CATASTRAL: 001101600NH01A0001BT.

SITUACIÓN: Rúa Fafián nº 23, Riveira.

INTERESADO/A - PRESUNTO/A RESPONSABLE DENUNCIADO/A: Sra. Mª Dolores Iglesias Martínez.

INTERESADO/A - DENUNCIANTE: Sr. José Manuel Dios Teira.





POSIBLES FEITOS IMPUTADOS: Execución de obras que non se axustan á licenza de obra nº 36/16 concedida pola Xunta de Goberno local en sesión de data 2 de xuño de 2016.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de xuño de 2016 acordou por unanimidade:

“

(...)

Primeiro.- CONCEDER a M^a Dolores Iglesias Martínez LICENZA DE OBRAS para REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA, sita na Rúa Fafián nº 23, Riveira en parcela con ref^a catastral nº 001101600NH01A0001BT, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 28.4.16 redactado por Sergio Lucio Paniccia:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

(...)

“

Segundo.- Visto en base ao anterior o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras xirar visita de comprobación na data 23 de maio de 2017 co seguinte tenor literal:

“

(...)

ASUNTO: EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA
INFORME TÉCNICO EN RELACIÓN CUNHAS OBRAS, EN FASE DE EXECUCIÓN, E QUE NON SE AXUSTAN Á LICENZA DE OBRAS CONCEDIDA EN XGL DE DATA DE 02.06.2016.


DENUNCIANTE: DE OFICIO.


INTERESADO: MARIA DOLORES IGLESIAS MARTÍNEZ

ANTECEDENTES.:

a.- Con data de 2 de xuño de 2006 a Xunta de Goberno Local cinceu licenza de obra maior a **dona María Dolores Iglesias Martínez** para a reforma dunha vivenda unifamiliar, emprazada na rúa Fafián nº 23 e de acordo co proxecto de execución redactado polo arquitecto Sergio Lucio Paniccia, que conta con visado colexial de data de 28.04.2016.

b.- As obras autorizadas consisten na reforma da vivenda, modificando a distribución interior, e mantendo a volumetría existente e sen afectar á estrutura da mesma. No acordo de concesión de licenza imponse o requisito de presentar os oficios de





dirección de obra e de coordinador en materia de seguridade e saúde, e antes do inicio da obra. Estes documentos non foron presentados, polo que a día de hoxe a licenza non é efectiva.

c.- De tódolos xeitos as obras están iniciadas e podendo detectarse que tampouco se axustan ao proxecto autorizado, posto que se está a executar unha nova estrutura.

INSPECCIÓN E INFORME DE CONCLUSIÓN:

1.- Realizada inspección ao lugar o día 19 de maio de 2017, puido comprobarse que a obra está en fase de execución, aínda que as mesmas non se axustan á licenza concedida, e que tampouco resultan legalizables, posto que a edificación aséntase sobre unha parcela que non acada a superficie mínima e a edificación non cumpre cos afastamentos mínimos a lindeiros. Esta situación de partida provoca que a edificación se atope en situación xurídica de "fora de ordenación", polo que tan só se poden autorizar obras de reforma, e en consonancia ca licenza concedida aos efectos.

2.- Unha nova estrutura non ten cabida dentro do réxime de fora de ordenación, e por outra banda tampouco se contempla no proxecto. En caso de que a obra fose legalizable, habería que tramitar unha nova licenza de legalización, aportando un proxecto aso efectos oportunos. Pero en caso de non resultar legalizable, como no presente caso, só cabe ordear o derrubo da nova estrutura, e mediante o preceptivo expediente de reposición da legalidade urbanística, conforme ao preceptuado ao respecto polo artigo 152 da lei 2/2016, do Solo de Galicia.

3.- Ante o exposto, e por tratarse de obras que non se axustan á licenza concedida nin resultan legalizables, procede, e en virtude do disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, a **paralización e suspensión das obras e a incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística**, e dándolle audiencia ao interesado.

Riveira, 23 de maio de 2017.


Asdo: Alberto Iglesias Fungueiriño
Arquitecto Municipal.


(...)

"

Terceiro.- Vista a denuncia cursada na data 6 de xuño de 2017, (registro de entrada nº 9.515), polo Sr. José Manuel Dios Teira.

Cuarto.- Como consecuencia do anterior, por Decreto de Alcaldía de data 6 de xuño de 2017 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 9/17 e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no





artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

Quinto.- A notificación do citado Decreto practicouse á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez na data 8 de xuño de 2017 e ao Sr. Sr. José Manuel Dios Teira na data 8 de xuño de 2017.

Sexto.- En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

Sétimo.- Notificado este emprazamento a Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez presenta en escrito rexistrado de entrada na data 14 de xuño de 2017, (Rexistro de entrada nº 10.161), aportando ao expediente Oficio de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 1 de marzo de 2017.

Oitavo.- Asimesmo a Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez presenta pliego de alegacións en escrito rexistrado de entrada na data 16 de xuño de 2017, (Rexistro de entrada nº 10.433).

Noveno.- Por último tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade aplicable ao caso nos ocupa o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe na data 20 de xuño de 2017 en relación á resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística DU 9/17 co seguinte tenor literal:

“
(...)

ASUNTO: EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

CONTESTACIÓN Á ALEGACIÓN FORMULADA POLA INTERSADA, E RELATIVA Á INCOACIÓ DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E QUE AFECTA A UNHAS OBRAS EN FASE DE EXECUCIÓN, E QUE NON SE AXUSTAN Á LICENZA DE OBRAS CONCEDIDA EN XGL DE DATA DE 02.06.2016.

DATA DE ENTRADA: 10433 (16.06.2017)


INTERESADO: MARIA DOLORES IGLESIAS MARTÍNEZ.


REF. CATASTRAL: 001101600NH01A0001BT

INFORME:

1.- Na alegación presentada con data de entrada de 16.06.2017 (n.r.e.: 10433) manifestase que non se produciu incremento de edificabilidade, nin de volume edificable con respecto á edificación preexistente, e incluso se mantén o afastamento lateral da edificación preexistente.

2.- Chama a atención que se cite á edificación preexistente, e poñendo en evidencia o feito de que a día de hoxe existe unha nova edificación en fase de construción





previo derrubado da anterior e cunha volumetría similar á preexistente; gardando o mesmo afastamento lateral, que por outra banda debemos de indicar que non se axusta ao mínimo legalmente permitido pola ordenanza de aplicación (mínimo de 3 metros).

3.- A licenza concedida foi motivada precisamente por aplicación ao artigo 171 do PXOM, que regula a situación de fora de ordenación xenérica e por remisión do establecido ao respecto polo artigo 90 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia (edificios fora de ordenación).

4.- O presente artigo 171 do PXOM seralle de aplicación para as situacións de edificacións que incumpren algunha das prescricións e limitacións que se establecen no presente Plan para a ordenación e a edificación. No presente caso trátase dunha edificación preexistente, erixida con anterioridade á aprobación do PXOM, e que non cumpre cos parámetros de parcela mínima, nin tampouco co afastamento lateral; aínda que si coas condicións xenéricas de uso característico e número de plantas.


5.- En virtude deste artigo 171 permite autorizar as obras necesarias de mellora e conservación, aínda que non se poden permitir incrementos de volume; salvo que as condicións de edificabilidade da propia parcela así o permitan; ou sexa, que a parcela teña un aproveitamento urbanístico que valide o incremento de edificabilidade.


6.- No presente caso a parcela non acada a parcela mínima edificable, aínda que si se poden permitir as obras necesarias de mellora e conservación, sempre que así se xustifiquen, e como ben se acredita no proxecto técnico presentado no seu día para a concesión da licenza, e o posterior informe técnico que serviu de base para a concesión da mesma.

7.- As obras autorizadas contemplaban o mantemento da edificación existente; da estrutura portante e da envolvente exterior da mesma, limitándose o proxecto a definir e cuantificar as obras de modificación da distribución interior e reforma da cobertura, e co mantemento do uso preexistente, como ben o esixe o citado artigo 171 do PXOM.

8.- A obra iniciouse sen presentar os preceptivos oficios de dirección de execución da obra, en contra dos requisitos impostos na concesión da licenza municipal, contravindo ademais o disposto ao respecto pola Lei de Ordenación da Edificación. Xa posteriormente, e despois de terse aberto o presente ERLU, e con data de 14.06.2017 a propiedade presenta os oficios de dirección de execución das obras e de coordinación en materia de seguridade e saúde, asumidos ambos polo arquitecto técnico Manuel Vidal García.

9.- A obra, en contra do proxecto presentado, non reflicte unha operación de conservación e mellora co mantemento da edificación existente. Mais alá das obras necesarias de conservación e mellora, propónse o derrubado da edificación preexistente, como ben se cita na alegación presentada; eliminando a antiga





estrutura e a antiga envolvente da edificación, mantendo aparentemente, o mesmo volume edificado e un emprazamento similar.

10.- No presente caso, trátase dunha obra de demolición e posterior construción de obra nova de vivenda unifamiliar. Isto ademais de contravir a licenza concedida, posto que non se axusta ao proxecto autorizado, oponse ao establecido polo citado artigo 171 do PXOM. Dispón esta norma municipal e aplicable ás edificacións en situación de fora de ordenación xenérica, que tan só se poden autorizar as obras necesarias de conservación e mellora.

11.- Pois ben, neste caso produciuse un derrubamento dunha edificación. Unha vez demolida a mesma, a eficacia do réxime de fora de ordenación xenérica desaparece.

12.- Estamos ante un caso de obra nova, con previo derrubamento dunha edificación preexistente, polo que a nova edificación debe de axustarse aos parámetros de ordenación e edificación da ordenanza de aplicación (ordenanza 6.3.a).

13.- Esta ordenanza, no que o seu uso característico é o de vivenda unifamiliar illada, impón unha parcela mínima de 500 m². A parcela sobre a que se asenta a obra en fase de execución e obxecto de ERLU, ten unha superficie sensiblemente menor, non acadando a parcela mínima edificable. De acordo cos datos de Catastro, e do propio proxecto de obra redactado polo arquitecto Sergio Lucio Paniccia, a parcela ten unha superficie de 201 m².

CONCLUSIÓN

En definitiva, non se puidera autorizar a construción dunha obra nova na presente parcela, e polo tanto as obras en fase de execución non resultan legalizables.

Ante o exposto, manifestamos a nosa desconformidade ante as legacións formuladas, e propoñemos se continúe coa tramitación do expediente e debendo de terse en conta que as obras a realizar non son legalizables na situación actual, polo que ten só cabe o derrubamento da totalidade do construído, ou no seu caso; e sempre que se incremente a superficie da parcela (agrupación con parcelario contiguo), se puidera legalizar a obra en aplicación da normativa urbanística

Riveira, 20 de xuño de 2017.


Asdo: Alberto Iglesias Fungueiriño
Arquitecto Municipal.

(...)

“

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Os feitos anteriormente sinalados considéranse unha infracción do establecido no artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que de conformidade co disposto nos artigos 151, 152 e 153 da devandita lei,





procede *a inmediata paralización da obra e dispoñer a incoación do expediente de reposición da legalidade* comunicándollo ao interesado.

Segundo.- Así visto o artigo 152.1 da devandita Lei que establece que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras non foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, a custa do interesado. Si os usos non foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación dos mesmos.

b) Si as obras ou os usos puidieran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirírase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora otorgada ou non se presentase a comunicación previa. En caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.


Si, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non houbera axustado as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a custa do interesado.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxucio da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrución do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a





imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € casa unha.

Terceiro.- Establece o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia o fin do procedemento de reposición da legalidade urbanística do seguinte modo:

1.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptárase algún dos seguintes acordos, que deberán detallar con claridade e precisión o seu obxecto:

a) Se as obras ou os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerada á custa do interesado:

1º. A demolición das obras executadas.

2º. De ser o caso, a reconstrución do indebidamente demolido. No suposto de que a demolición afectase a un edificio ou construción obxecto de protección pola lexislación en materia de patrimonio cultural, a reconstrución, cando proceda, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica.

3º. A reposición dos terreos ao seu estado inicial.

4º. O cesamento da subministración dos servizos ou a prohibición da súa contratación.

5º. A prohibición da primeira utilización e ocupación dos edificios e das construcións.

6º. A execución das obras necesarias para impedir os usos ilegais.


7º. Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación deles.


b) Se as obras ou os usos poden ser legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa. Para o caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar (artigo 152.3.b) da LSG).

c) Se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á custa do interesado (artigo 152.3.c) da LSG).

2.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderanse adoptar as medidas que se consideren precisas para garantir a executividade da resolución, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en





virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo (artigo 152.4 da LSG).

3.- As ordes de restitución deberán cumprirse no prazo que se determine na resolución do expediente administrativo que, con carácter xeral, non será superior a tres meses.

Non obstante, cando a restitución da legalidade urbanística presente unha especial dificultade técnica, apreciada polo órgano competente, o prazo anterior poderá ampliarse ata nove meses. Asemade, e nestes mesmos supostos de especial dificultade técnica, o órgano administrativo está facultado para solicitar a achega dun proxecto técnico en que se reflectan as medidas de restauración que se propoñen realizar, así como as autorizacións sectoriais que sexan exixibles.

Presúmese que concorre especial dificultade técnica para a restitución da legalidade nos grandes movementos de terra, nas explanacións de grandes dimensións, na extracción de areas e na clausura de explotacións mineiras.

4.- O procedemento ao que se refire o número 2 deste artigo deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación (artigo 152.5 da LSG).

O prazo indicado poderá suspenderse nos supostos legalmente previstos e, transcorrido este que se teña notificado a resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.


Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente, visto pliego de alegacións presentado pola Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 20 de xuño de 2017 en relación á resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística, visto o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 21/06/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Declarar que as obras e actuacións realizadas na vivenda unifamiliar sita na Rúa Fafián nº 23, Riveira en parcela con ref^a catastral nº 001101600NH01A0001BT, non se axustan á licenza de obras nº 36/16 e como resultan dos feitos probados sinalados polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en informe emitido na data 20 de xuño de 2017 non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.

Segundo.- ORDENAR á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez **A DEMOLICIÓN DA VIVIENDA UNIFAMILIAR** obxecto deste expediente, así como ao cese definitivo dos usos aos que desén lugar.

A orde de demolición deberá ser executada no prazo de tres meses a contar desde a notificación da presente resolución, dando conta ao Concello de Riveira mediante comunicación previa.





Terceiro.- Apercibir aos obrigados de que no caso de incumprimento da orde de demolición no prazo sinalado procederáse á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, conforme ao disposto polo artigo 152 da LSG.

Cuarto.- Poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das responsabilidades de orde penal en que pudieran incurrir os infractores, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Quinto.- Notificar a presente resolución aos interesados entendo como tal á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez e ao Sr. Sr. José Manuel Dios Teira.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Baltasar Valentín Pontes Saiñas**, de data 14/06/2017 (Rexistro de entrada nº 10.198), no que solicita certificación urbanística en relación a existencia de expediente de reposición da legalidade urbanística da edificación situada en Río Azor, nº 68, Insuela, Palmeira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 15/06/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

1) Emítase o presente informe en consonancia co exposto no artigo 28.4. “Declaración de obra nova” do RDL 7/2015, de 30 de outubro, e polo que se aproba o texto refundido da lei do solo estatal e rehabilitación urbana.


2) Que unha vez feitas as oportunas comprobacións no Departamento de Urbanismo deste Concello, temos a ben de informar que a día da data non se ten incoado expediente de reposición da legalidade urbanística sobre a edificación obxecto do presente informe.

2.- Visto o escrito presentado por Aurea Pouso Muñiz en representación de **Keliam Barbanza, S.L.**, de data 05/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.335), no que solicita información urbanística de parcela situada en Avenida de Ferrol - Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 22/06/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpreme informar o seguinte:

- 1) A finca indicada no encabezamento atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano non consolidado**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria primeira, apartado 2.a) desta lei. En aplicación da citada D. T., aplicaráselle o disposto por esta lei para o solo urbano non consolidado.
- 2) Tamén lle será de aplicación o disposto pola Disposición Transitoria quinta, no referente á reserva de vivenda protexida, así como os límites de sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social, establecidos nos artigos 41 a 48 da Lei 2/2016.
- 3) A figura de planeamento a aplicar para o desenvolvemento urbanístico neste caso é o dun Plan Especial de Reforma Interior (PERI), de acordo co disposto ao respecto polo artigo 72 da lei 2/2016, e debendo conter este as determinacións impostas polo artigo 54 e seguindo o procedemento de aprobación regulado no artigo 75 desta mesma lei. A xestión do sector, e de acordo ao o disposto na ficha específica do planeamento (P-2), será a través do sistema directo de compensación.
- 4) O PXOM ten asignado unha ficha ao sector P-2 de solo urbano consolidado, asignándolle o uso característico residencial e unha serie de usos compatibles (terciario, dotacional privado), así como o sistema de xestión (compensación). En aplicación do exposto no apartado 1 do presente informe ha de aplicárselle o réxime preceptuado na vixente lei para o solo urbano non consolidado, así como as limitacións expostas no apartado 2, e debendo seguir a tramitación imposta pola lei e xa citada no apartado anterior.


3.- Visto o escrito presentado por **Alejandro Argibay Suárez**, de data 19/05/2017 (Rexistro de entrada nº 8.174), no que solicita certificación urbanística sobre natureza rústica de parcela.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 14/06/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Clasificación: Rústico
Ref. catastral: 15074A921005270000UB

A parcela se encontra en solo clasificado como SOLO RÚSTICO según o vixente PXOM de Riveira





IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.


Visto o escrito presentado por **Emilio Pérez Outeiral**, de data 09/06/2017 (Rexistro de entrada nº 4.819), no que solicita a instalación dun espello vial na Rúa Buenos Aires (Corrubedo), á altura do cruce onde se ubica a urbanización "Mirador de Corrubedo".

Visto o informe policial emitido ao respecto en data 16/06/2017, no que se sinala:

"Una vez realizada la inspección ocular, se pudo comprobar como en el cruce procedente de la zona "Urbanización Mirador de Corrubedo" hacia la calle Buenos Aires, tiene buena visibilidad, quizás algo reducida por la maleza de la finca colindante que asoma a la vía pública, siendo requerido al responsable de dicha finca, la empresa UNEDA, con sede en Teo, Travesía Cacheiras, mediante llamada de teléfono, para que en el plazo de 15 días limpiasen la maleza que asoma a la vía pública. No siendo necesario la colocación del espejo de tráfico, a expensas de que en época estival el arcén se use como estacionamiento, lo cual dificultaría la visión de la calzada."

A Xunta de Goberno Local, coa abstención do concelleiro Manuel Emilio Pérez Outeiral e por unanimidade do resto dos membros presentes, **acorda denegar** a solicitude formulada por Emilio Pérez Outeiral en base a que, según o citado





informe policial non é necesaria a instalación do espello vial na Rúa Buenos Aires (Corrubedo), á altura do cruce onde se ubica a urbanización "Mirador de Corrubedo"

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

Vista a proposta presentada polo **Alcalde do Concello de Riveira, Manuel Ruiz Rivas**, de data 20/06/2017, en relación á Resolución do 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018.

Visto o proxecto redactado pola enxeñeira municipal D^a Uxía Landeira Pereira "Mellora do firme de camiños", de data xuño 2017, cun orzamento total, excluído o IVE, de 42.363,20€.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Aprobar a participación deste Concello no Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018.


Segundo.- Presentar o proxecto redactado pola enxeñeira municipal D^a Uxía Landeira Pereira "Mellora do firme de camiños", para participar no citado plan marco.


Terceiro.- Incluir o custo do Servizo de Control de Calidade da Obra como gasto subvencionable neste Plan

AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA 2017 "ARTEMAR" E APROBACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E DANIEL CASTAÑO TUBIO, CO NOME COMERCIAL DE IACOBUS MEDIEVAL, RELATIVO Á ORGANIZACIÓN DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA 2017.

Vista a **proposta** conxunta da **Concelleira Delegada de Cultura, M^a Herminia Pouso Maneiro** e do **Concelleiro Delegado de Turismo, Antonio Javier Jesús Freire Brión**, de data 14/06/2017, na que solicita autorización para a celebración da Feira Artesanal e Mariñeira 2016 "Artemar", así como a aprobación dun contrato administrativo especial entre o Concello de Riveira e Daniel Castaño Tubio, co nome comercial de Iacobus Medieval, relativo á organización da Feira Artesanal e Mariñeira 2017.

VISTA a necesidade de organizar a celebración da Feira Artesanal e Mariñeira ("ARTEMAR").





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

CONSIDERANDO a posibilidade de celebrar un contrato administrativo especial coa entidade IACOBUS MEDIEVAL toda vez que do citado contrato non se desprenden aportacións económicas por parte do Concello de Riveira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

Primero:- Autorizar celebración da Feira Artesanal e Mariñeira 2016 "Artemar" os días 17, 18, 19 e 20 de agosto de 2017

Segundo:- Aprobar o contrato administrativo especial que se reproduce a continuación nos seus xustos termos:

"CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E DANIEL CASTAÑO TUBIO, CO NOME COMERCIAL DE IACOBUS MEDIEVAL, RELATIVO A ORGANIZACIÓN DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA "ARTEMAR" NO ANO 2017.

En Riveira, ___ de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Manuel Ruíz Rivas, titular do DNI núm. 33.228.537 T, maior de idade, en calidade de Alcalde do Concello de Riveira, CIF P-1507400-H e domicilio en Praza do Concello s/n, CP 15960 RIVEIRA (A Coruña)

Da outra parte, Daniel Castaño Tubio, titular do DNI núm. 35.471.624 N, maior de idade, axente comercial da empresa individual de xestión de eventos co nome comercial Iacobus Medieval, conforme poder Mercantil de data 25/05/2016 e que se achega ao presente contrato, con enderezo no Lugar Lamego, nº 37, CP 15911 ROIS (A Coruña), ao que no sucesivo se denominará "Organizador"

INTERVEÑEN

O primeiro en nome e representación do Concello de Riveira

O segundo en nome e representación de Iacobus Medieval (nome comercial)

As partes recoñécense capacidade suficiente para obrigar-se neste acto e acordan formalizar o presente en base aos seguintes


ANTECEDENTES


Despois da experiencia positiva na celebración da Feira artesanal e mariñeira de anos anteriores, o Concello de Riveira ten a intención de celebrar unha nova convocatoria.

A repercusión cultural que este evento supón é de grande importancia para a nosa cidade, pois a recreación dunha época de antano na que toda a actividade xira arredor dunha actividade mariñeira e artesanal que é representativa dos nosos orixes.

A Feira Artesanal e Mariñeira pretende ser un marco de acción no que se conxuguen o valor histórico e patrimonial de Riveira cun abano de formulacións de calidade que permitirán aos visitantes entrar na historia e experimentar un mundo de sensacións, ao tratarse dunha experiencia alternativa ou diferente aos produtos culturais clásicos, e sendo o valor percibido superior ao real.

Unha ferramenta para dar a coñecer e preservar o valor patrimonial e etnográfico baseada na creación dun mercado mariñeiro e artesanal o que pretende transformar a cidade de Riveira durante catro días, nun espazo de acción dando cabida a: artesanía, recuperación de oficios artesanais, persoeiros que a través das súas animacións e espectáculos farán vivir singulares historias, contos e lendas; un conxunto de accións que reflicten a importancia económica e valor cultural e etnográfico que o Mar e os Mariñeiros aportaron dende tempos remotos a cada unha das antigas parroquias que constitúen o actual municipio de Riveira.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

OBXECTO

É obxecto deste contrato a atribución de espazos para a montaxe da Feira Artesanal e Mariñeira, "Artemar"

Dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o contrato de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

1 A través do presente contrato establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as entidades implicadas, para desenvolver o programa de actividades da Feira Artesanal e Mariñeira no ano 2017.

2. A Feira Artesanal e Mariñeira, celebrarase nas seguintes rúas e prazas da cidade de Riveira: Praza do Concello, Rosalía de Castro dende cruce do concello a rúa Galicia, Rúa de Galicia, Avda do Malecón, Rúa Santa Uxía, Rúa Manuel Lustres Rivas, e Carpa municipal da rúa de Galicia os días 17, 18, 19 e 20 de agosto de 2017.

3. O Concello pón a disposición do organizador este espazo público no que se instalarán un mínimo de 90 artesanos e/o stands, ata un máximo de 120.

O organizador disporá dun espazo de 330 m lineais a distribuír nas zonas indicadas no apartado 2, tendo que aboar o seguinte prezo público conforme a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público, punto B.2.4 según

Epígrafe 1 – Vendedores ambulantes. Actividades Restantes a razón de 1,863934€/ml x 3,5 días, resultando a cantidade de 2.152,84 € e efectuando este pago según indicacións do servizo municipal de Tesourería.

Na Praza do Concello estará reservado un espazo de ata un máximo de 150 m2 exentos de pago por ocupación, a coordinar co departamento municipal de cultura deste concello, destinado a entidades locais sen ánimo de lucro, así como a Carpa municipal da rúa de Galicia que será única e exclusivamente xestionada polo concello.


O organizador terá que decorar e ambientar tamén as seguintes rúas e prazas, aínda que non contén con postos ou paradas: rúa Ramón y Cajal, Porta do Sol, rúa Mariño de Rivera, rúa Otero Pedrayo, Rúa Rosalía de Castro dende rotonda da Serea a Praza do Concello, rúa Alcalá Galiano, rúa Campo de Marte, rúa Diego Delicado, Praza de Vigo, rúa Cardenal Cisneros, rúa Linares Rivas, rúa de Galicia dende cruce rúa de Canarias a rúa da Barreira e Praza de Ourense.


4. A feira permanecerá aberta ao público de 11.00 a 23.30 horas. No obstante o horario dos stands poderá ser variado en consenso, axuntándose a outras actividades ou actos municipais.

5. A organización da feira incluírá, cando menos as seguintes prestacións a cargo e baixo a responsabilidade do organizador:

- Ambientación e decoración da feira conforme a temática estritamente mariñeira e artesanal nas distintas zonas. Recepción e acomodación dos artesanos a súa chegada. Desmontaxe e verificación de que o espazo asignado ao evento queda como ao inicio do mesmo (recollida de basura etc.).
- Seguimento por parte de 2 persoas ininterrompidamente, localizables as 24 horas ata a finalización do mercado.
- Contratación e xestión de horarios das actuacións e obradoiros, en coordinación co departamento municipal de cultura para a supervisión do seu cumprimento.
- Animación na rúa durante os días 17, 18, 19 e 20 de agosto: o día 17 en xornada de tarde, e os días 18, 19 e 20 en xornada de mañá e tarde, a distribuír conforme o criterio do departamento municipal de cultura, na se incluírán espectáculos de circo, clown, maxia, fogo, malabares, música, danza, teatro e outras variedades artísticas por toda a zona do evento, e con especial relevancia na Praza do Concello e Rúa Galicia.
- Obradoiros e/ou talleres infantís, cun mínimo de 2 horas o día 17 de agosto e cun mínimo de 4 horas os días restantes a distribuír pola mañá e pola tarde, conforme o criterio do departamento municipal de cultura.

Servizo de vixilancia diurna e nocturna nos espazos reservados para o Concello, na Praza do Concello diaria, de 15.00 a 18.00 horas, e nocturna os días 17, 18 e 19 de agosto, de 23.00 a 11.00 horas.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

- *Infraestructura para os días 17, 18, 19 e 20 de agosto.*
- *Celebrar polo menos un espectáculo nocturno as noites dos días 18, 19 e 20 respectivamente, aportando ademais o equipamento preciso, (son, luces, montaxe e desmontaxe) no lugar sinalado conforme o criterio do departamento municipal de cultura.*
- *Organización e / ou coordinación do pregón inaugural o xoves 17 de agosto na Praza do Concello, na hora conforme o criterio do departamento municipal de cultura.*
- *Subministro e colocación de 100 banderolas de farola económicas en plástico, con medidas de 1x0,70 metros, para publicitar a Feira Artesanal e Mariñeira "Artemar", a ubicar nos lugares que será coordinados co departamento municipal de cultura.*
- *Limpeza dos espazos, a montaxe, desmontaxe dos mesmos e calquera outra infraestrutura necesaria para cumprir efectivamente os obxectivos do programa da Feira "Artemar", sen prexuízo de que o Concello reforce o número de contenedores de residuos e as quendas de limpeza da vía pública.*
- *Ao remate da celebración da feira deberá entregar ao Concello de Riveira unha memoria descritiva do evento así como unha relación co número total de postos indicando identificación do vendedor, mercadoría, metros de ocupación e prezo abonado.*

6.- *O organizador explotará a xestión de todos os postos e stands, correspondéndolle a distribución e colocación dos mesmos.*

O organizador velará polo cumprimento da lexislación aplicable a cada un dos postos ou paradas que se instalen esixindo, de ser preciso, a documentación específica para garantir a legalidade de cada un deles (IAE, Seguridade Social, seguro RC, carnet de manipulador de alimentos, carnet de artesanía, etc) asumindo a responsabilidade subsidiaria derivada da actividade de cada posto.

Aos postos co domicilio fiscal en Riveira ou cuxos propietarios estean empadroados en Riveira e que acheguen a debida acreditación, aplicaráselles unha bonificación do 50% sobre o custo de ocupación a satisfacer á empresa, todo coa supervisión do departamento municipal de cultura.

7.- *Será por conta do Concello a disposición, subministración e cargo de luz e auga necesarias para garantir o bo desenvolvemento da Feira "Artemar".*

8. *Para fomentar a participación da cidadanía na Feira, o Concello dará publicidade da mesma a través dos medios de comunicación, web etc. e realizará a cartelería xeral e programación e difusión da mesma en colaboración cos recursos sociais do municipio (asociacións, clubs..)*


9.- *O Concello poderá completar a programación con outras actividades /eventos da mesma temática, como concursos co comercio e hostelería local, co tecido social, rutas gastronómicas, degustacións, exposicións, exhibicións artísticas, etc e entre outras a contratación das seguintes actividades: Animación nas rúas cun grupo de música tradicional galega, durante os días 17, 18, 19 e 20 de agosto; Unha actuación musical na noite do 19 de agosto, preferiblemente unha sesión Dj dirixida á mocidade e outra actuación para a noite do 20 de agosto, preferiblemente unha verbena con orquestra / grupo musical dirixida a todos os públicos.*


10.- *O organizador deberá estar en posesión dunha póliza de seguro que cubra os posibles riscos de accidentes e responsabilidade civil que, como consecuencia do desenvolvemento da Feira, poida xurdir tanto a persoas como a bens materiais (capital mínimo de 600.000€ de responsabilidade xeral e 150.000€ individual).*

11. *Calquera modificación, adición e supresión nas características recollidas nas cláusulas deste contrato se efectuará unicamente por escrito e coa aprobación do Concello de Riveira e o organizador.*

12. *O Concello de Riveira na presente edición 2017 da Feira Artesanal e Mariñeira "Artemar" conforme as cláusulas descritas anteriormente non terá que aboar importe algún ao organizador.*

Ambas partes, entenden con excepción da publicidade nos medios, impresión e distribución da cartelería, a contratación do grupo de música tradicional, a sesión DJ e o grupo/orquestra como animación do evento, os servizos e consumos eléctricos e de auga, así como reforzo da recollida do lixo e limpeza viaria que serán por conta do Concello de Riveira, corresponden ao organizador atender os gastos que se deriven da execución do programa (postos de venda artesanal, venda de alimentación, tabernas de alimentación, decoración para todo o





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

recinto da feira, animación de rúa, espectáculos, pregón inaugural e outras actuacións artísticas incluída a súa produción así como obradoiros e talleres infantís).

13. O organizador será o responsable de cantos datos lle sexan conferidos no presente contrato e/ou nas reunións mantidas co Concello de Riveira, (Conforme a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos).

14. As partes farán e procurarán que se faga e execute todos os actos, feitos e documentos adicionais que sexan necesarios para dar efectos aos termos e condicións estipulados neste contrato.

15. O presente contrato terá unha vixencia igual ao tempo que dure a prestación dos Servizos por parte do organizador ao Concello de Riveira.

16. Todo o non exposto neste contrato será resolto polas partes mediante o presente documento asinado.

17. Este contrato é un mutuo acordo das partes, e recoñecen que non existe, mala fe ou coacción en ningún momento de celebralo.

En proba de conformidade de canto antecede asinan o presente documento de contrato no lugar e data arriba indicados.

<i>Polo Concello de Riveira,</i> Asdo./ Manuel Ruiz Rivas. Alcalde-Presidente	<i>Por Iacobus Medieval,</i> Asdo/ Daniel Castaño Tubio
--	--

Os responsables do contrato

Asdo. Sandra Fernández Gómez
Dinamizadora do Parque de San Roque

Asdo. Unai González Suárez
Programador de Exposicións"

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 22 de xuño de 2017

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral


Manuel Ruiz Rivas


Juan Manuel Salguero del Valle